

## ALBACETE

### ***“GRUPO DE DANZAS MAGISTERIO”***

O Grupo “Magisterio” formouse no ano 1077, no seo da Escola Universitaria de Maxisterio da que toma o seu nome artístico; por iniciativa de Dona Ángela Domínguez, mestra de Educación Física da devandita escola e coa intención de encher o oco existente en Albacete de grupos folclóricos. Dende 1980 funciona como Asociación Cultural e a súa función primordial é recopilar e difundir todo o relacionado coa música o baile, vestiario, usos e costumes da provincia de Albacete en relación coa Comunidade de Castilla La Mancha e dentro do contorno do folclore nacional.

Dende a súa fundación levan máis de 700 representación datadas, actuando na práctica totalidade das comunidades autónomas de España, así como en 18 países de Europa e América.

Rodaxes para documentais en TVE sobre Albacete e a súa provincia.

Galardón no Festival Internacional de "Cantonigros" no Pirineo Catalán.

Rodaxe da cortometraxe "El Carromato" de Gabriel Olivares.

Organizan tamén o Festival Nacional de San Juan, a Mostra Internacional de Folklore "Ciudad de Albacete" e a Noite dos Maios

